

Esta é unha proba para avaliar como van.

Deben realizala sen axuda. **Deben** autocorrixirse, pero vostede non lle diga se o ten ben o mal. Ao rematar, mándeme as fotos das follas. Teñen até o día 4 de xuño inclusive para mandarmas.

Poden ir facendo os exercicios por partes, pero mándeme as fotos xuntas.

Os resultados non baixarán a nota obtida na 2ª avaliación e si poden elevala.

1-Escribe os signos de interrogación, os puntos e as raias de diálogo.


Gústache este debuxo

Sí. Segue contándomo

Agora tes que merendar

Que hai para merendar

Unha mazá e un bocadillo de chourizo



2- Neste diálogo só aparecen as respostas. Inventa as preguntas e pon as raias de diálogo.

-Ola! Quero un xeadó de nata.

--De dúas bólas.

--Non quero máis nada, grazas.



3-Inventa ti un diálogo. (2/2)



4-Inventa unha oración con cada unha destas palabras: boca, pantalón, bocadillo, papel e escribo.

1	
2	
3	
4	
5	

. Le o texto.

A avoa ergueuse cedo, como sempre, e empezou a berrar no seu cuarto: "¿onde están os meus dentes?". Díxoo unhas cen veces. Eu pensei que toleara, porque era imposible que alguén llos roubase da boca.

Polo visto, segundo me contou mamá, son postizos. Iso quere dicir que os pon e os quita cando lle peta. Tamén me dixo mamá que, polas noites, os deixa nun vaso con auga, deben ser "dentes-peixe".

Mamá e eu viramos o cuarto de arriba para baixo, pero non apareceron.

5-Responde ás preguntas.

1.¿Que fixo a avoa cando espertou?

2.¿Que perdera?

3.¿Que tipo de dentes tiña a avoa?

4.¿En que os metía pola noite?

5.¿Apareceron?

6-Observa o debuxo. Suliña a oración que o conta mellor.

1-O avó leva unha gorra.


2-Están sentados na butaca

3-O avó cóntalle un conto ao neto.

4-O neto está calado.

5-O avó calza unha zapatillas novas.

6-O avó esta calvo.



7-Observa o debuxo e le o texto. Despois escribe **V** (verdadeiro) ou **F** (falso).

Un día, despois de xantar, Andrea subiu á cerdeira. Tiña pouca fame, así que colgou cereixas en todo canto sitio podía: meteunas nos petos, púxoas nas orelas, nos ollais, nas coletas...

De súpeto, oíu a voz da súa nai que a chamaba. Andrea baixou decontado.

Ao pasar por diante do espello do corredor, viu tantas cereixas no seu corpo que empezou a berrar como unha tola:

-iMamá! iAxuda, socorro!

Naceume unha cerdeira na

tripa.



Á nena naceulle unha cerdeira na barriga.	
Subiu a unha pereira despois de xantar.	
A nai e maila filla usan pantalóns.	
Andrea subiu á cerdeira despois de cear.	
Andrea chamou pola súa nai desde a árbore.	
Ao verse no espello, ollou que tiña moitas cereixas.	
A nena tiña pouca fame.	
No corredor hai un espello.	
Hai dous gatos na horta.	
Andrea viuse no espello do comedor.	
Arredor da cabeza da nena voan tres paxariños.	
A nena meteu as cereixas en bolsas.	

Fágalle este ditado ao seu/súa fillo/a noutra folla.

Cando lles dito, léolles a oración enteira. Despois dígolles a palabras de unha en unha. A seguir, léolles a seguinte oración enteira. Dígolles os signos de puntuación (punto, coma, dou puntos, pero non os signos de pregunta e exclamación), b/v, g/j, as palabras que teñen h e os tiles. Ao rematar, dítolles as palabras soltas.

A miña compañeira María fixo sete anos. Seu pai fíxolle unha tarta de trufa e chocolate. Despois de soprar as velas, os pais déronlle un agasallo que parecía una caixa de zapatos. Dentro había un cadeliño.

-¡Que alegría! ¿Cómo se chama?- preguntou María.

-Elixo ti o nome -respondeu a nai.

-Chamareino Popi. ¿Qué vos parece?

-¡Ben!- berramos todos.

O agasallo foi un éxito.

próximo, pocillo, bomba, fociño, paragüero, zoca, guiso, paquete, cine, doce, campo, exame, pague, churro, desagüe, azul